



## Dimensión Global e Educación para o Desenvolvemento: perspectivas do profesorado de secundaria

### Global dimension and Education for Development : Prospects for secondary school teachers

Araceli Serantes, Helena Zapico, M. Cristina Pérez, Vanessa Pazos  
Grupo de Investigación Política Educativa, Historia e Sociedade-UDC

#### Resumen

A Educación Global ou Educación para o Desenvolvemento de quinta xeración é un movemento internacional para comprender críticamente o modelo de globalización imperante no planeta; promove unha conciencia de cidadanía global, activa e comprometida cos dereitos humanos, a xustiza social e a democracia. Presentamos unha investigación colaborativa entre o GI "Política Educativa, Historia e Sociedade" da UDC e Solidariedade Internacional de Galicia, financiado pola Xunta de Galicia. Inglaterra é o noso referente na integración da dimensión global no curriculum e partimos do estudo reflexivo desta experiencia para coñecer as necesidades do profesorado galego de secundaria cando participan co alumnado nos programas propostos polas ONGDs.

*Palabras chave:* Educación para o desenvolvemento, educación global, investigación cualitativa, ensinanza secundaria obligatoria

#### Abstract

The Global Education or education for development of fifth generation is an international movement to critically understand the prevailing model of globalization in the world; promotes awareness of global citizenship, active and engaged with human rights, social justice and democracy. We present a collaborative research between the GI "Education Policy, History and Society" of the UDC and Solidariedade Internacional of Galicia, finance by the Xunta de Galicia. England is our leader in the integration of the global dimension in the curriculum and we start of reflective estudo from this experience to meet the needs of secondary school teachers Galician when engaging with students in the programs proposed by NGDOs.

*Keywords:* Development education, global education, qualitative research, compulsory secondary education

Este traballo céntrase nas primeiras conclusións derivadas dunha investigación de carácter colaborativo que estamos a desenvolver entre a ONGD Solidariedade Internacional de Galicia (SI-G) e membros do Grupo de Investigación "Política Educativa, Historia e Sociedade" da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña. "*Explorando as posibilidades de estender a dimensión global da EpD na Educación Secundaria Obligatoria. Unha investigación diagnóstica en centros educativos de Galicia*" (PR804A2014/07) é un proxecto que conta cunha subvención de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, a través da Axencia de Cooperación Galega, en réxime de concurrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento según a Orde do 15 de maio de 2014.

O punto de partida ten sido unha investigación anterior<sup>1</sup>, tamén con Solidariedade Internacional de Galicia e financiación de la Xunta de Galicia. Nesta primeira experiencia, detectáronse cuestións que agora retomamos e sirven como fío conductor: (i) a colaboración dos centros educativos coas ONGD é de carácter puntual e bastante superficial, (ii) o profesorado que colabora faino desde materias menos "académicas" (ética, educación para a cidadanía ou relixión) e (iii) a implicación do alumnado é moi alta sempre que exista un compromiso por parte do profesorado e as propostas realizadas impliquen metodoloxías participativas.

Por outra banda, pártese da experiencia do Reino Unido que introduciu a Educación para o Desenvolvemento (en adiante EpD) desde a proposta pedagóxica denominada "Dimensión Global".

O obxectivo desta investigación é coñecer as necesidades do profesorado e dos centros educativos de secundaria en Galicia para promover que os proxectos de EpD sexan máis significativos e interdisciplinares, e tomamos como referencia as propostas didácticas e

<sup>1</sup> "Investigando na educación para o desenvolvemento: un estudio de caso sobre a implementación do proxecto "O tesouro de Acahualinca" (PR804A 2013/26)

curriculares do Reino Unido para tratar a dimensión global.

Esta investigación está estruturada en catro partes ben diferenciadas (Gráfico 1):



Gráfico 1. Partes da investigación

1. Identificación, análise e selección de materiais curriculares sobre Educación Global deseñados no Reino Unido desde o Centro de Investigación de Educación para o Desenvolvemento do Instituto de Educación da Universidade de Londres e do Departamento para o Desenvolvemento Internacional (DFID). Identificación, análise e selección de materiais curriculares deseñados a nivel estatal e galego sobre Educación Global.

2. Análise da experiencia, expectativas e visión do profesorado e dos equipos directivos de seis centros galegos da ESO que teñan participado en programas e actividades con SI-G.

3. Análise das aportacións de catro persoas de recoñecido prestixio no ámbito da EpD e da Educación Global.

4. Propuestas e recomendacións para poder incorporar a dimensión global no curriculum da ESO.

A continuación adiantarase algún resultados da análise das entrevistas realizadas ao profesorado e que corresponderían co apartado 2 da investigación.

### Obxectivos e metodoloxía da investigación

Trátase dunha investigación de carácter polimetodolóxico de corte cualitativo. Neste apartado realizáronse entrevistas en profundidade ao profesorado e a representantes das equipas directivas cos seguintes *obxectivos* a acadar:

- Coñecer a presenza da EpD no día a día dos centros educativos e con que materias está vinculada para arbitrar mecanismos que abran a posibilidade de integrar a visión da Educación Global nos curriculos da ESO.
- Coñecer a postura do profesorado e da equipa directiva ante a posibilidade de integrar no curriculum a educación global.
- Propor recursos e estratexias que permitan incorporar a Dimensión Global na ESO.

Como indicamos, trátase dunha investigación de corte cualitativo que busca describir as diferentes maneiras nas que o profesorado comprometido cos proxectos de EpD

dotan de significado a obxectos, acontecementos e experiencias relacionadas coa EpD e a Educación Global no seu centro, y que constitúen o punto central da investigación (Flick, 2004).

Eleximos 6 centros con características heteroxéneas (localizados 2 centros en zona urbana, 2 en periurbana e 2 en contextos rurais; e respecto ás liñas educativas 2 exclusivamente con ESO e Bachelato, 2 con primaria e ESO e 2 con ESO, Bachelato e Ciclos Formativos; 5 públicos e 1 concertado) para poder contrastar as distintas visións e as perspectivas subxectivas, fundamentais neste tipo de investigación, así como a influencia dos ambientes sociais y das características de cada contexto educativo.

A través das entrevistas de corte narrativo, búscase estudar a realidade no seu contexto natural (Denzin & Lincoln, 2013), así como as interpretacións que os propios participantes fan da súa acción educativa. No noso caso, ao tratarse dun diálogo interprofesional que busca crear unha comunidade de aprendizaxe con uns valores e obxectivos compartidos, recurrimos a triangular a información escollendo como informantes tres membros do profesorado con roles diferenciados: un que teña colaborado con asiduidade con SI-G, outro da equipa directiva e outro da equipa que dinamiza a biblioteca do centro, por considerar que o Programa de Bibliotecas Escolares está desenvolvendo un labor fundamental en contornos educativos integrados, ao tempo que promoven proxectos e actividades de centro.

No proceso fomos reinterpretando datos e reformulando conceptos teóricos a través dun deseño de investigación aberto, flexible e circular. Os datos foron recollidos utilizando as seguintes técnicas:

- Entrevistas en profundidade de corte narrativo (Taylor y Bogdan, 1984) para obter a visión do profesorado.
- Entrevistas semi-estructuradas do mundo da vida (Kvale, 2011) para comprender e valorar a súa visión do mundo.
- Grupos focais (Wilkinson, 2004) para identificar as dimensións máis notables, contrastar opinións, definir problemas e propor estratexias.

As entrevistas realizadas foron 18 (3 en cada centro), tendo en conta os tres perfis indicados (Gráfico 2). Realizáronse posteriormente as transcripcións literais das entrevistas que foron codificadas cun modelo aberto para analizarse coa axuda do programa Atlas.it (Flick, 2004).




Gráfico 2. Perfil do profesorado entrevistado

Asegúrase a fiabilidade da investigación detallando e documentando todos os procesos levados adiante durante a investigación. Recurrimos á triangulación de métodos de recollida de datos e ao uso de diversas fontes e axentes (Stake, 1998). Tamén, recurrimos á retroalimentación cos participantes para validar os datos recibidos, remitíndolles a transcripción das entrevistas para puntualizar as cuestións que considerasen oportunas e a través da confrontación de pareceres coa realización dun grupo focal (Onwuegbuzie, Dickinson,

Leech & Zoran, 2011).

A ética da investigación respectase mediante o contraste da información cos participantes durante todo o proceso. Respéctase tamén a confidencialidade e anonimato dos docentes e centros.

### Marco teórico

O carácter globalizado e complexo das actuais sociedades esixe aos sistemas educativos promover saberes, accións e valores que garantan a convivencia e a cohesión social, baseada na práctica e no respecto aos dereitos e liberdades dos cidadáns. O compromiso das institucións educativas de educar en valores de liberdade, igualdade e tolerancia significa potenciar espazos nos que construír unha cidadanía activa, democrática e comprometida cos dereitos humanos, para actuar nun mundo interdependente e multicultural (Gonçalves & Sousa, 2012).

A EpD incorpórase ao sistema educativo, xeralmente, a través da promoción da competencia social e cidadanía (materias como ética, relixión ou educación para a cidadanía, esta última desaparece coa LOMCE) e, en menor medida, nalguna materia relacionada coas Ciencias Sociais (Xeografía e Historia). No noso contexto escolar, resulta difícil atopar centros nos que a EpD se trate de forma transversal en diferentes materias ou na vida cotidiana do centro. Pola contra, no Reino Unido, tense incorporado no ano 2000 a dimensión global no curriculum de secundaria a través do DFID (*Department for International Development*), en base a oito conceptos xeradores: cidadanía global, desenvolvemento sostible, resolución de conflitos, diversidade, dereitos humanos, xustiza social e interdependencia (Bourn, 2000).

O concepto de Educación Global ou para a Cidadanía Global está estreitamente relacionado coa denominada “quinta xeración” da EpD, e parte da necesidade de educar de forma crítica e responsable para a transformación e construción de un mundo máis xusto e equitativo, respectuoso coa biodiversidade e a diversidade cultural, no que se respectan os dereitos humanos (Argibay, Celorio & Celorio, 2009). Trátase dun proceso vivo e dinámico que implica a participación de toda, ou grande parte, da comunidade educativa.

“*La Educación para el Desarrollo y la Ciudadanía Global es un proceso socio-educativo continuado que promueve una ciudadanía global crítica, responsable y comprometida, a nivel personal y colectivo, con la transformación de la realidad local y global para construir un mundo más justo, más equitativo y más respetuoso con la diversidad y con el medio ambiente, en el que todas las personas podamos desarrollarnos libre y satisfactoriamente*” (Guillermo Aguado, s/d:5)

Esta concepción da EpD constrúese desde a participación da comunidade educativa, e con propostas conceptuais e metodolóxicas coas que aínda se está a experimentar, coa certeza de vincular os contidos e metodoloxías coa propia vida do alumnado (Bourn, 2008:5). Trátase dunha etapa máis no proceso de crear unha cidadanía activa e comprometida nun mundo globalizado, na liña que apunta Martha Nussbaum (2005)

ao falar de *ciudadanía cosmopolita* e do sentimento de amor (*philia*) cara a todos os semellantes, confiando na educación como un proceso para adquirir disposicións, practicar capacidades, adquirir xuízo crítico e respectar os dereitos e liberdades políticas e civís. A educación cosmopolita, segundo esta autora, permite: (i) aprender máis de nós mesmos (desenvolver a nosa identidade a través da alteridade), (ii) resolver problemas que requiren a cooperación internacional no mundo interconectado, (iii) reforzar a obriga moral de recoñecernos cidadáns dun mundo diverso e de desenvolver empatía cara a outras culturas e minorías étnicas e (iv) axudar a elaborar argumentos sólidos. “Así, el ciudadano del mundo es el que reconoce en las personas aquello que les es especialmente fundamental, lo que merece el mayor de los respetos y reconocimientos: sus aspiraciones a la justicia y al bien y sus capacidades de razonamiento acerca de esta conexión” (Villafranca & Buxarrais, 2009:117).

Nos centros educativos de secundaria existen experiencias exitosas de traballos entre o profesorado, o alumnado e as ONGD cunha perspectiva máis global e transversal, máis vivencial e de compromiso persoal. Neste traballo queremos caracterizar as condicións, propiedades, particularidades e axentes que fan posible a práctica da educación global nas aulas e no centro co fin de propor estratexias para a súa xeralización no curriculum da ESO, ao tempo que facilitar recursos didácticos que o posibiliten

### Discusión dos datos e evidencias

Neste traballo só facemos referencia ás entrevistas ao profesorado aínda que no informe final da investigación cruzamos estos datos coas entrevistas ás persoas expertas en Educación Global e a análise de materiais curriculares e didácticos. Na actualidade estamos en disposición de adiantar algunhas evidencias sobre a visión del profesorado.

Unha vez transcritas as entrevistas (a duración media é de 40 minutos por informante) elaboramos una serie de dimensións, macrocategorías, categorías e indicadores con procedimentos inductivo-deductivo, adaptando as dimensións de traballos anteriores, así como criterios doutras investigacións (Canarias & Altamira, 2012; Miller, Bowes, Bourn & Castro, 2012; Andreotti, 2012). Identificamos 6 dimensións e 13 macrocategorías (Táboa 1).

Curriculum	Centro educativo	Profesorado	Papel das ONGDs	Biblioteca	Alumnado
Desenvolv. Curricular	Características	Perfil docente	Apoio didáctico	Proxectos	Perfil
Experiencia didáctica	Comunidade contorna	Proxectos de EpD	Participación docente		
Reformas educativas	Cultura escolar				
Condicionantes					
Possibilidades					

Táboa 1. Dimensións e macrocategorías de análise

O profesorado máis envolvido nos proxectos de EpD segundo este estudo pertencen aos departamentos de Filosofía, Relixión e Música, e o fan movidos polo seu compromiso e interese personal pola temática, que prima

sobre o contido da materia a impartir. Cando os contidos dos proxectos das ONGD están directamente relacionados coa materia é máis doado e viable a implicación do profesorado nas actividades.

Respecto ao curriculum, os docentes imparten as materias de Ética, Relixión, Filosofía, Música e Educación para a Cidadanía, mais o profesorado responsable do programa de dinamización da biblioteca son titulares de disciplinas como Lingua e literatura, Arte, Xeografía e Economía e implícanse tamén no desenvolvemento de actividades desde unha perspectiva máis global e transversal. Os docentes máis reacios son os que imparten as materias de ciencias, especialmente a nivel de bachelato.

Dos aspectos de carácter organizativo que teñen relación coa vida do centro destacan os relacionados cos horarios e a organización docente para levar proxectos conxuntos. Na práctica, cando unha ONGD presenta un programa nun centro, o profesorado que se implica o fan desde unha perspectiva global que vai máis alá dos contidos da súa disciplina. En todos os casos sinálase a importancia do apoio da equipa directiva.

O profesorado identifica distintas culturas profesionais dentro do centro (Gráfica 3) e valoran que os máis comprometidos, con maior experiencia en modelos de traballo colexiado e colaborativo, e con unha visión máis holística da educación corresponden a aqueles mestres integrados na ESO, figura que está a desaparecer, e que contrasta coa cultura profesional do profesorado de secundaria, bachelato e formación profesional.




Gráfico 3. Tipos de cultura profesional nos centros educativos

Outros condicionantes son a duración do proxecto, a viabilidade na programación das actividades, os recursos facilitados pola ONGD, a metodoloxía das actividades e a dedicación e implicación que se espera por parte dos docentes.

As ONGD facilitan ademais doutras metodoloxías, recursos para traballar nas aulas, poñen en contacto ao alumnado con outras persoas e realidades, ofrecen saídas do centro e intercambios con outros centros, premian o traballo realizado e ofertan vacacións solidarias.

Por último, respecto ao alumnado considérase que os cursos que contan con mellores condicións para comezar a traballar desde esta perspectiva son 3º e 4º da ESO aínda que sinalan a pertinencia de facelo desde o 1º ano. Consideran que son os máis axeitados porque o alumnado é capaz de profundizar nos contidos da EpD. Ao alumnado permítilles contactar con outras realidades o que lles “axuda a abrir as mentes”; resaltan o

componente vivencial, a súa implicación e nalgún caso serviu para que lideraran seus propios proxectos.

Como retos sinalan una maior integración das familias, que participan puntualmente.

### Resultados e conclusións

A EpD e a Educación Global son estratexias de aprendizaxe aínda moi realcionadas con materias vencelladas á formación en valores (Ética, Relixión, Filosofía, Educación para a Cidadanía) porque a organización académica sigue a ser moi disciplinar, o que dificulta realizar traballos de tipo global e transversal, aínda que o profesorado crea oportunidades para este tipo de propostas, como é o caso das Bibliotecas Escolares nos centros públicos, a través dos programas e pláns dinamizados pola Xunta de Galicia ou as propostas que achegan as ONGD e outras asociacións ou entidades. Os contidos de EpD trátanse de forma transversal nestas materias e escasamente de forma interdisciplinar.

As equipas directivas dos centros mostran unha disposición positiva a que se realicen este tipo de actividades nos centros, permitindo o acceso e facilitando as condicións para realizalos, mais en ningún caso son os promotores. É fundamental que existan profesores sensibilizados e comprometidos no centro para que se desenvolvan estes programas.

O profesorado que promove e participa en programas de EpD, estaría disposto a traballar desde unha Dimensión Global, sempre que: (i) estea intersado polos contidos e características dos programas aínda que non teñan moita relación coa materia que imparten; (ii) os premios e o recoñecemento pola súa labor (dentro, e especialmente fóra do centro) non é relevante, máis recoñece que estos xeran sinerxias e novos apoios por parte dos seus compañeiros, familias e comunidade educativa; (iii) existe una escasa oferta de formación sobre estas temáticas, tanto por parte da Consellería de Educación como doutras entidades, e reclaman unha formación máis práctica que permita profundizar en contidos e metodoloxías de cara á especialización docente en EpD.

Consideran que o segundo trimestre do curso académico é máis axeitado para desenvolver este tipo de actividades. Plantear actividades no medio do curso académico pode dificultar que se convirta nun proxecto de centro. Os docentes consideran os proxectos partan da coordinación interna docente para que teñan maior acollida e sexan máis significativos e interdisciplinarios. É imprescindible programar en cada centro previamente como e cando desenvolves.

Para concluir, indicar que as persoas entrevistadas ven viable a posibilidade de estender a dimensión global da educación para o desenvolvemento mediante a integración de metodoloxías e contidos transversais en todas as materias. Recoñecen que se trata “dunha cuestión de querer e facer docente”. Os programas propostos polas ONGD e o acompañamento dos profesionais no seu desenvolvemento facilitan a inclusión progresiva desta dimensión.

## Referencias

- Aguado, G. (coord.) (sen data). *Educación para el desarrollo y la ciudadanía global. Guía para su integración en centros educativos*. Interred y AECID
- Andreotti, V. (2012). Development vs poverty: notions of cultural supremacy in development education policy. En D. Bourn (Ed.) *Development Education. Debates and dialogues* (pp. 45-63). London: Institute of Education. University of London.
- Argibay, M.; Celorio, G. & Celorio, J. (2009). *Educación para la ciudadanía global. Debates y desafíos*. Bilbao: Hegoa.
- Boni, A. & Pérez-Foguet, A. (2006). *Construir la ciudadanía global desde la universidad*. Barcelona: Intermón Oxfam/ Ingeniería Sin Fronteras.
- Bourn, D. (2008.) Introduction. En D. Bourn (Ed.) *Development Education. Debates and dialogues* (pp. 1-17). London: Institute of Education. University of London.
- Canarias, E. & Altamira, F. (2012). *Las dimensiones de análisis en Educación para el Desarrollo Educación para la Ciudadanía Global*. <http://iniciativasdecooperacionydesarrollo.files.wordpress.com/2012/10/las-dimensiones-de-la-ed-y-epcg2.pdf>
- Denzin, N. & Lincoln, Y. 2013. *Manual de investigación cualitativa*. Barcelona: Gedisa.
- Gimeno Sacristán, J. (2001). *Educación y convivir en una cultura global. Las exigencias de la ciudadanía*. Madrid: Morata.
- Gonçalves, S. & Sousa, F. (org.) (2012). *Escola e comunidade. Laboratórios de cidadania global*. Lisboa: Universidade de Lisboa.
- Kvale, S. (2011) *Las entrevistas en Investigación Cualitativa*. Madrid: Ediciones Morata
- Llopis, C. (2005). *Recursos para una Educación Global: ¿es posible otro mundo?.* Madrid: Ed. Narcea.
- Maiztegui, C.; Lezáun, M. & Rodríguez, R. (2006): *De la ciudadanía local a la global y de la ciudadanía global a la local. El camino andado*. Bilbao: ALBOAN/Universidad de Deusto.
- Miller, G.; Bowes, E.; Bourn, D. & Castro, J.M. (2012). *Learning about Development at A-Level. A study of the impact of the World Development A-level on Young People's Understanding of International Development*. London: Development Education Research Centre.
- Nussbaum, M. (2005): *El cultivo de la humanidad. Una defensa clásica de la reforma en la educación liberal*. Barcelona: Paidós.
- Onwuegbuzie, AJ.; Dickinson, WB.; Leech, NL. & Zoran, AJ. (2011). Un marco cualitativo para la recolección y análisis de datos en la investigación basada en grupos focales, *Paradigmas*, vol. 3, n. 1, pp. 127-157.
- De Paz, D. (2007). *Escuelas y educación para la ciudadanía global: una mirada transformadora*. Barcelona: Intermón Oxfam.
- Polo, F. (2004) *Hacia un currículum para una ciudadanía global*. Barcelona: Intermón Oxfam.
- Rapley, T. (2014). *Los análisis de conversación, de discurso y de documentos en Investigación Cualitativa*. Madrid: Ediciones Morata
- Taylor, S.J. & Bogdan, R. (1984). *Introducción a los métodos cualitativos de investigación*. Madrid: Paidós
- Villafranca, I. & Buxarrais, MR. (2009). La educación para la ciudadanía en clave cosmopolita. La propuesta de Martha Nussbaum. *Revista española de pedagogía*, 242, pp. 115-130.
- Villanueva, E.; Del Olmo, MJ. & Ardanaz, M. (s/d). *El cuadrado de la EDCG. Posicionamiento sobre Educación para el Desarrollo y Ciudadanía Global de las ONGD de la FONGDCAM*. Madrid: FONGDCAM.
- Wilkinson, S. (2004). Focus group research. En D. Silverman (Ed.), *Qualitative research: Theory, Method and Practice* pp. (177-199). Thousand Oaks: Sage.